




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Consonte ó disposto no vixente plano de estudos da Licenciatura de Medicina, os alumnos deberán realizar un curso rotatorio nun dos hospitais que determine a Universidade. Tendo en conta que os hospitais teñen prazas limitadas, faise preciso abrir un periodo de solicitudes para a resolución das peticións dos alumnos.

Por todo o indicado **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Os alumnos que consonte ó plano de estudos de Medicina e Cirurxía reúnan os requisitos para realizar o curso rotatorio, deberán solicitalo entre os días **14 e 25 de xaneiro** de 2002.

**SEGUNDO.-** As solicitudes deberán presentarse na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte entre as 9 e as 14 horas.

**TERCEIRO.-** Nas solicitudes deberán reflectir por orde de preferencia os hospitais onde desexen realizar as prácticas. Os hospitais e mailas prazas en cada un deles faranse públicos antes do inicio do prazo de solicitude.

Santiago de Compostela 13 de decembro de 2001

**O RECTOR**

  
Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR. DECANO DA FACULTADE DE MEDICINA - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE.